

## **A D.O. Ribeira Sacra, exemplo de como o viño definiu a paisaxe e dinamiza o territorio**

A **XXIV Asemblea Xeral de CECRV**, Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas, reunía na **Ribeira Sacra** a 60 representantes de 37 denominacións de orixe de viño. Para as eleccións que celebrou a Asemblea rozábase o 100% do censo electoral (51 dos 52 consellos reguladores que forman parte de CECRV exerceron o seu dereito a voto, xa de forma presencial, xa de forma delegada).

Esta conferencia, que traía á Ribeira Sacra ao 98% do sector do viño de calidade en España convertíase na de máis asistencia da CECRV, o que o **Presidente do Consello Regulador, José Manuel Rodríguez**, valora moi positivamente, *“É un mundo, o do viño, que cada día está máis unido, cada día compartimos máis cousas e cada día traballamos máis unidos para ter unha postura común. O mundo do viño é esa agrupación de unidade que vende o país no seu conxunto, é ese elemento punteiro para vender outros produtos e hai que felicitarse por iso. Renovouse a xunta directiva, Ribeira Sacra segue tendo unha vicepresidencia do seu grupo e creo que é para sentirse contento. A maiores o clima axudounos estes días para que viran a mellor imaxe de Ribeira Sacra.”*

Esta reunión da CECRV centrouse tamén en reivindicar o papel que as Denominacións de Orixe do Viño teñen en España para fixar poboación e manter vivo o rural, nun país que é o de maior superficie de viñado do mundo. Neste sentido todos coincidían en sinalar á **D.O. Ribeira Sacra como exemplo**, *“O que ocorreu con Ribeira Sacra desde a posta en marcha da D.O. é unha realidade, pero ás veces ten que vir alguén de fóra a explicar o que cambiou isto. Se vemos imaxes da Ribeira Sacra fai 20 anos e de agora, vemos claramente o cambio no seu conxunto. Que restaurantes, que aloxamentos, que paisaxes temos hoxe en día? Nada que ver co que había fai 20 anos. Isto débese a xente de diferentes actividades que traballou pola súa terra, que modelou esta paisaxe e que a fan así de atractiva”,* comenta José Manuel Rodríguez.

Ademais da Asemblea, os participantes tiveron a posibilidade de gozar dunha representación dos principais atractivos do territorio. Así, ademais de viaxar no **catamarán do Canón do Sil**, percorreuse unha parte do **Camiño de Inverno** na contorna de Belesar, desde Diomondi á **adega Vía Romana**. Despois de que o día anterior os participantes tivesen a posibilidade de xantar na **adega Regina Viarum**. Todas estas experiencias impresionaron ao mundo do viño, *“Isto é un paso máis para dar a coñecer o noso territorio, para que a xente do viño de calidade en España coñeza de primeira man cal é a nosa realidade. Para que cando vaian polo mundo falen ben da nosa terra”,* sinala o Presidente do C.R.D.O.R.S.



**RIBEIRA SACRA**  
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 30 de octubre 2019

A presenza da CECRV na Ribeira Sacra poñía o broche perfecto co **respaldo á candidatura de Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade** desde o convencemento de que ese recoñecemento beneficiará a todo o sector do viño en España, onde se conta coa paisaxe vitícola de maior riqueza e diversidade do mundo. *“Este apoio é froito desa conxunción de ideas que hai no sector do viño de traballar todos con todos. En canto á candidatura, non se trata só de que Ribeira Sacra sexa Patrimonio da Humanidade, é que sería o primeiro territorio con D.O. de Viño en España. É para presumir todos os españois de que temos unha paisaxe vitícola que pode ser Patrimonio da Humanidade. Iso temos que aproveitalo todos”,* comenta José Manuel Rodríguez.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirosacra.org](mailto:comunicacion@ribeirosacra.org)